

Emprendemento feminino na Universidade I Xornada

A quén vai dirixida

Por unha banda, a toda a comunidade universitaria. Dun xeito especial aos alumnos/as procedentes de todas as titulacións, ós que se dirixe a mensaxe final da xornada: o emprendemento como opción de futuro profesional. Tamén, a investigadores, docentes e outro persoal da Universidade interesado na introducción da perspectiva de xénero nas funcións universitarias e nas súas iniciativas de fomento do emprendemento.

Por outro lado, a todo axente social interesado na problemática específica da muller no mundo empresarial: empresarias e emprendedoras, responsables de políticas públicas e sociais e público en xeral.

Relatores/as

Persoas implicadas en iniciativas xurdidas co obxectivo de abordar a perspectiva de xénero nos distintos ámbitos da Universidade, programas de fomento ó emprendemento feminino, emprendedoras, e responsables de organismos e entidades privadas ou públicas de apoio ó papel da muller no tecido empresarial.

I Xornada

Emprendemento feminino na Universidade

Información e inscricións

A inscrición é gratuíta, previa inscrición chamando por teléfono ou enviando unha mensaxe electrónica cos seus datos (nome completo e entidade á que pertence) ao seguinte enderezo:

OFICINA DE CONGRESOS DA USC
(Olga ou Susana)

Tlf. 981 554 696 Fax 981 554 693

Correo-e: xestioneventos@usc.es

Parque Vista Alegre - Rúa Salvadas s/n

Santiago de Compostela 15705

Estudiantes da USC:

- A asistencia computará por 8 horas na Aula de Práctica Empresarial, a efectos de obtención de créditos de libre configuración (mais información no Decanato da Facultade de CC. Económicas e Empresariais).
- A todos os interesados que o soliciten se lles expedirá un certificado de asistencia á Xornada.

COLABORAN



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA
DA IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral da Igualdade



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Investigación,
Desenvolvemento e Innovación



CÁTEDRA BANCAJA-USC
mocidade
empresarial
emprendemento feminino

Bancaja
el compromiso social

Data: Martes, 22 de abril de 2008

Lugar: Aula Tomé (aula B), Facultade de CC. Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Desenho: María del Aquilino, CB

Obxectivos

A análise da situación actual do emprendemento desde a Universidade mostra que, ao igual que ocorre na maioría dos casos, na USC se produce un “desequilibrio emprendedor de xénero”, isto é, as mulleres son maioría na comunidade estudiantil e a diferenza coa cifra de homes non fixo máis que aumentar nos últimos anos, sen embargo, as iniciativas empresariais que xurden desde as nosas aulas e dos grupos de investigación son, na gran maioría, promovidas por homes. Por outra banda, a realidade actual do mundo empresarial mostra tamén que en Galicia estase dando un aumento progresivo do papel da muller na creación de novas empresas, e os indicadores de emprendemento mostran que as mulleres van ter un papel primordial e protagonista no futuro do tecido empresarial galego.

Partindo desta situación, esta Xornada tem como obxectivo, en primeiro lugar, achegar á sociedade en xeral a realidade do emprendemento universitario. Na actualidade as Universidades teñen incorporado as súas tarefas tradicionais -docencia e investigación- a función de transferencia do coñecemento xerado nas súas aulas e departamentos á sociedade. A nosa Universidade ten o tamaño, a capacidade, a organización, os efectivos e as infraestruturas suficientes para asumir as novas demandas que lle esixe a sociedade: o compromiso co desenvolvemento económico e social do seu contorno.

En segundo lugar, a xornada pretende amosar as iniciativas xurdidas desde a USC para incorporar a perspectiva de xénero na análise deste papel protagonista e activo que ten que desempeñar a Universidade. Emprendemento e muller son as razóns principais que xustifican os esforzos dalgunhas iniciativas que tratan de ir un paso máis adiante da simple análise da realidade, como os programas de apoio ó emprendemento feminino postos en marcha nalgunhas Universidades como é o caso da USC. Asímesmo, moitas son xa as axudas e recursos ó alcance das mulleres para afrontala posta en marcha do seu proxecto e o seu futuro como profesionais dos negocios, e neste sentido coñeceremos o papel que xogan diversas asociacións e as institucións públicas.

En terceiro lugar, a xornada pretende ser un foro de encontro das mulleres que están a protagonizar o panorama emprendedor da USC. Deste xeito coñeceremos, de primeira man, algunhas experiencias de éxito na creación de empresas desde a USC, nun intento de mostrar o emprendemento e o autoemprego, non só como unha saída profesional máis, sino como unha opción que pode proporcionarlle aos estudantes a mellor escola práctica de formación continua de cara a afrontar o entorno tan dinámico e competitivo no que se desenvolve a actividade empresarial, así como unha experiencia satisfactoria no seu futuro profesional.

Programa

9:00 · Entrega de documentación

9:30 · Inauguración

- *Senén Barro Ameneiro*. Excmo e Ilmo Sr Reitor da USC.
- *Carme Adán Villamarín*. Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.
- *Mª Teresa Cancelo Márquez*. Decana da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da USC.
- *Juan Luis Garrido Grille*. Director da Oficina de Santiago de Bancaja.
- *Loreto Fernández Fernández*. Directora da Cátedra Bancaja “Mocidade Emprendedora (Emprendemento Feminino)” da USC.

10:00 · MESA 1: A muller na Universidade

- *Isabel Diz Otero*. Coordinadora da Oficina de Igualdade Xénero da USC.
- *Rita Radl*. Centro Interdisciplinario de Investigacións Feministas e de Estudos de Xénero (CIFEX).
- *Mª Xosé Rodríguez Galdo*. Seminario Muller e Universidade.

Modera:

- *Elena Vázquez Cendón*. Directora da Cátedra “Emprendemento Social” da USC.

11:30 · Pausa-Café

12:00 · MESA 2: A muller no mundo empresarial

- *Loreto Sanmartín Gómez*. Directora Xeral Zona Noroeste da “Asociación para el Progreso de la Dirección” (APD).
- *Pilar Blanco Tuimil*. Presidenta da “Asociación de Jóvenes Empresarios” (AJE VIGO).
- *Rosa Rois Noya*. Presidenta da “Federación de Empresarias de Galicia” (FEGA).

Modera:

- *Loreto Fernández Fernández*. Directora da Cátedra Bancaja “Mocidade Emprendedora (Emprendemento Feminino)” da USC.

13:00 · MESA 3: O emprendemento feminino na Universidade

- *Programa Dona*. Universidad Politécnica de Cataluña.
- *Programa Ideas*. Universidad Politécnica de Valencia.
- *Programa Woman Emprende*. Universidade de Santiago de Compostela.

Modera:

- *Carlos Hernández Sande*. Director do programa UNIEMPRENDE e Director da Cátedra UNESCO “Innovación e xestión da cultura emprendedora no marco universitario” da USC.

16:00 · MESA 4: Emprendedoras da USC

- Presentación do catálogo “Emprendedoras da USC. Da Universidade á innovación empresarial”.
- *Carmen Pampín Casal*. Conselleira delegada de Galchimia.
- *Tatiana López del Río*. Conselleira de NanoGap.
- *Mercedes Vázquez*. Socia promotora de DeHistoria.
- *Catalina Fernández*. Promotora de Hifas da Terra.

Modera:

- *Xulia Guntín Araujo*. Subdirección Xeral de xestión do PGIDIT, Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia.

17:30 · Pausa-Café

18:00 · MESA 5: Recursos para o emprendemento feminino galego

- Programa de Microcréditos. *Carmen Orgeira Naya*. Subdirectora Xeral de Promoción da Igualdade. Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, Xunta de Galicia.
- Programa Emega. *Susana Castro Barral*. Servicio Galego de Igualdade, Xunta de Galicia.
- *Programa IEBT* (Iniciativas Empresariais de Base Tecnolóxica).
- *Jorge Barros de la Peña*. Subdirección Xeral de Apoio á Contratación e a Emprendedores, Dirección Xeral de Promoción de Emprego, Xunta de Galicia.
- *Programa Compostela Activa e Equal Compostela Social*.
- *Carmen Casado Casado*. Responsable da Oficina de Promoción Económica do Concello de Santiago.

Modera e clausura:

- *Ana Luisa Bouza*. Directora do Servizo Galego de Igualdade da Xunta de Galicia.